

XENTE DE AQUÍ

MELIDE

O IES participa na organización dun seminario sobre a guerrilla antifranquista

O departamento de Ciencias Sociais do IES de Melide participou, xunto co mesmo departamento do IES Félix Muriel de Rianxo e o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, na organización dun seminario sobre a guerrilla antifranquista liderada por Luís Trigo Chao 'O Gardarríos', que leva por título 'O exilio, a muller e a guerrilla. O Gardarríos'.

Nesta sexta edición dos Seminarios sobre a Memoria, nos que colaborou o Instituto Galego de Historia, acudiu como invitado de excepción Francisco Martínez 'Quico', un dos últimos guerrilleiros vivos. Quico, de familia leonesa, participou desde os 17 anos nas actividades antifranquistas, tanto en León como en Galicia. A boa saúde que conserva permitiulle participar tanto na parte teórica do seminario como no percorrido polos espazos onde foi especialmente activa a partida guerrilleira do 'Gardarríos', nos municipios de Rianxo, Ourense, O Vicedo, Viveiro, Lourenzá e Mondoñedo.

Ademais de especialistas na resistencia antifranquista como Odette Martínez, Bernardo Maiz, Carlos Nuevo, Manuel Pazos ou Manuel González, acudiron ao seminario Fernanda Cedrón, neta do 'Gardarríos', e Víctor García, fillo do 'Brasileño'.

A traxectoria vital de Luís Trigo Chao, da localidade lucense de Ourense, comezou emigrando desde moi novo a Cuba, traballando na hostalería e nunha fábrica de móbiles. Despois ía a Arxentina e regresaría a Mondoñedo en 1921 como gardarríos, profesión que lle deu tamén o apodo. Foi presidente da Agrupación Socialista de Mondoñedo e co golpe de Estado de 1936 fuxiu ao monte. Agochouse en casas de amigos e en 1939 iniciou a súa actividade guerrilleira, no norte da provincia de Lugo. Case sempre actuou en solitario e nalgúns casos coa compañía de Roberto Alonso Díaz. Morreu a mans dunha contrapartida en Vilanova de Lourenzá o 25 de xuño de 1948.

O seminario contou coa certificación oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Ademais do percorrido sobre o terreo, incluíu o visionado de películas e documentais, e un total de catro conferencias plenarias.

MELIDE A Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional gaña adeptos

A festa máis doce de toda a contorna



O acto de entrega das distincións aos novos embaixadores e embaixadoras da festa estivo moi concorrido

A Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional de Melide asómase ao seu primeiro cuarto de século, que cumprirá o ano que vén, gañando cada vez máis adeptos. É unha xornada dedicada aos doces que máis identifican o municipio -os melindres, os ricos e os amendoados- e que ademais ofrece unha ampla programación paralela ideada para toda a familia.

A xornada comezou coa música do grupo Os Melidaos, na Praza do Convento. Do pregón encargáronse os televisivos Benigno Campos e Lola Gestido. De seguido entregáronse os títulos de embaixadores e embaixadoras do melindre. Entre os dez nomeamentos deste ano, cabe citar o conselleiro de Economía, Francisco Conde, a directora de TurGalicia, Carmen Pita, ou a integrante do panel de

cata e do Consello Regulador de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, Sonia Otero.

Música, cos Melidaos e con Froito Novo, a entrega dos premios sorteados do concurso de debuxo, un espectáculo musical e de narración para todos os públicos e o remate con Leirabuxo, Malvela-Uxía e Os Carunchos completaron a xornada, con múltiples visitantes.

COMARCA Santiso e Toques celebran as súas festas para a terceira idade

Recoñecemento lúdico aos maiores

A comarca acolleu nas últimas semanas celebracións para o colectivo da terceira idade, o sector de poboación máis numeroso e que máis se ten gañado o recoñecemento social e xornadas de festa polas dificultades que atravesou en tempos que, aínda que aos de hoxe lles chegue ben, tampouco eran nada doados. Hoxe crise, entón supervivencia.

Unha das celebracións máis destacadas estivo en Santiso. A festa contou cun acto relixioso e despois un xantar no polideportivo, no que non faltaron a entrega de agasallos, o imprescindible xantar e actividades de entretemento para unha xeira de encontro e diversión entre veciños e veciñas das diversas parroquias do municipio.

Tamén en Toques se celebrou xa a festa da terceira idade, cunha asistencia multitudinaria e moita animación. O Concello, ademais de ofrecer a atención social cotiá, pretende con este evento, de carácter lúdico e periodicidade anual, que os maiores poidan contar cunha xornada en compañía de persoas doutros puntos do municipio que non ven con frecuencia.



Dous intreos da celebración para o colectivo de maior idade en Santiso